



NADAL 2015 NA REDE MUSEÍSTICA

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

Como cada ano, os museos da Rede Museística de Lugo presentan un programa de EXPOSICIÓNS, actividades e OBRADOIROS para achegar a cultura a todas e todos. Propoñemos novas perspectivas para que os maiores e os cativos vivan o noso patrimonio e as nosas colección en clave participativa e intercultural.



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura



TODOS OS MUSEOS DA REDE

OBRADOIRO: Nadal Intercultural: Como se di Nadal en inglés?

Imos practicar o inglés no museo... xogando. Partindo dos protagonistas do Nadal presentes nas obras do museo aprenderemos algunhas palabras en inglés e a continuación coñeceremos xogos e costumes da época de Nadal propios doutras zonas do mundo.

Club Pequemig@s

Idades: 6 a 14

Datas: 12 decembro MUSEO PROVINCIAL DO MAR
19 decembro MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA
22 decembro MUSEO PROVINCIAL LUGO
26 decembro MUSEO PAZO DE TOR

Horario: 17:30 a 19:00

Prazas: 15

EXPOSICIÓN: CULTURAS EN DIÁLOGO: Exposición Inherentes: Lugares e Outras Herbas

Data de inauguración: 17 de decembro

CONFERENCIA: Xestión Cultural da Rede Museística

Sesión Presencial do Curso Experto Universitario en Xestión Cultural da Universidade Santiago de Compostela

Data: 18 de decembro

Hora: de 16:30 a 20:30

Lugar: Universidade de Santiago de Compostela. Campus Norte.



MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

OBRADOIRO: De ferro e ouro

Co gallo da exposición “O Castro de Santa María do Castro” realizaranse actividades dirixidas a grupos escolares para amosar a cultura dos castros, da época romana e o seu xeito de vida

Actividade escolar

Datas: Do 3 de decembro ao 30 de xaneiro

Horario: 17:30 a 19:00

Prazas: de 20 a 30 persoas

OBRADOIRO: Banco de Memoria

As nosas experiencias e o xeito en que experimentamos situacións que marcaron a historia da nosa comunidade son unha parte do patrimonio que non queremos

perder. Falando, contando os testemuños e documentándoos seremos quen de reconstruír a historia subxectiva de Lugo. Para chegar a iso imos comezar exercitando a memoria a través de actividades relacionadas coa nosa colección.

Club Senior

Idade: maiores de 60

Datas: 2 e 9 de decembro

Horario: 17:30 a 19:00

Prazas: 15

EXPOSICIÓN: Cultura material do castro de Cervantes

Data de inauguración: 3 de decembro

Horario: 20:00

EXPOSICIÓN: Fundación ANADE

Data de inauguración: 4 de decembro

Horario:

CONFERENCIA: " Contexto cultural do Castro de Cervantes"

Data: 10 de decembro

Hora: 20:00

Lugar: Museo Provincial de Lugo

OBRADOIRO: Espazo intercultural: Caligrafía chinesa

Se sentes curiosidade por coñecer novas formas de ver e expresar o mundo achégate ao museo e presentáramosche unha forma de comunicación feita arte: a caligrafía chinesa.

Club Ei!

Idades: maiores de 16 anos

Datas: 10 de decembro

Horario: 18:00 a 19:00

Prazas: 15

OBRADOIRO: A Escola de Doloriñas

Para todas as idades

Data: 14 de decembro

Hora: 11:00

OBRADOIRO: Twittea o Museo.

Queremos que as redes sociais estean presentes nos nosos museos así que empregando a rede wiffi do museo invitámosvos a seguir o hashtag do museo para desatar a vosa imaxinación e o voso bo humor localizando obras e creando *memes* coa nosa colección.

(*Imprescindible traer un Smartphone ou unha Tablet)

Club Ei!

Idade: maiores de 16 anos

Datas: 14 de decembro

Horario: de 18:00 a 19:00

Prazas: 15

OBRADOIRO: A luz no tempo

Dado que o 2015 é ano internacional da Luz, imos facer un repaso polo xeito en que ten cambiado a luz artificial nos nosos espazos: lucernas, lámpadas de aceite ... proxectaban sombras e arumes que lle confiren unha sensación espacial máxica e misteriosa. Estes obxectos hoxe, pezas de museo, rememoran fórmulas prácticas e enxeñosas para a época, tamén nos falan da historia da humanidade.

Daremos luz ao asunto repasando as diferentes fórmulas de iluminación, para levarmos á práctica algunha delas.

Club Pequemig@s

Idades: de 6 a 14 anos

Datas: 16 de Decembro

Horario: 17:30 a 19:00

OBRADOIRO: Os costumes do Nadal de hoxe que veñen de antano

Imos dar a coñecer costumes antigos que están presentes no noso Nadal actual: a árbore, as coroas de acivro, as luces... Tamén vos presentaremos a personaxes mitolóxicas como Yule, Mitra, Dionisos ...

Club Pequemig@s

Idades: de 11 a 14

Datas: 21, 22 e 23 de decembro

Horario: de 12 a 13:30

Prazas: 20

OBRADOIRO: Fotografía a cegas III e Audiovisual I

Unha vez mais o Museo tenta derrubar barreiras para que as persoas cegas podan achegarse ao mundo da fotografía e o audiovisual e presentar as súas creacións á comunidade.

Datas: 28 e 29 de decembro e 7 e 8 de xaneiro

Horario: 17:30 a 19:00

Prazas: 20

OBRADOIRO: En Nadal enredamos coas APPs

Trae o teu smartphone ou a túa tableta á Rede. Este Nadal imos darlle uso ás novas tecnoloxías: non só imos deseñar e enviar as nosas postais personalizadas para felicitar o novo ano usando só o noso móbil. Tamén imos aprender como crear a nosa propia APP usando ferramentas de programación moi doadas!

(*Imprescindible traer un Smartphone ou unha Tablet)

Club Ei!

Idades: maiores de 16 anos
Datas: 23 Decembro
Horario: 17:30 a 19:00
Prazas: 10

OBRADOIRO: Xogo de personaxes

Propoñémosvos iniciar unha pescuda sobre os protagonistas do Nadal presentes na nosa colección. Aatrevédesvos a percorrer o museo investigando e recadando pistas para completar a pescuda?

Club Pequemig@s

Idades: De 8 a 11 anos
Datas: 5 de xaneiro
Horario: 11:30 a 13:00
Prazas: 12

EXPOSICIÓN: Fisuras

Data de inauguración: 29 de xaneiro

MUSEO PROVINCIAL DO MAR

OBRADOIRO: Olladas a miña Familia: Día Migrante

No día do migrante recordamos como a nosa cultura se enriquece coas achegas de outras comunidades, por iso en compañía dos máis cativo ímoslle botar unha ollada as tradicións e ós xogos máis divertidos de outras zonas do planeta.

Todas as idades.

Datas: 17 decembro
Horario: de 17:30 a 19:00
Prazas: 15

OBRADOIRO: Día Migrante: Olladas a miña Familia

Dentro do proxecto Olladas á miña familia imos reflexionar sobre a migración e a tolerancia coas historias de quen tivo que marchar da nosa terra e de quen chegou a ela para ficar.

Todas as idades

Datas: 18 decembro
Horario: de 17:30 a 19:00
Prazas: 15

OBRADOIRO: Xogando en familia: De Balea a Balea

O Nadal e tempo de encontros en familia por iso no Museo do Mar invitámosvos a xogar á nosa versión dos xogos familiares máis coñecidos. Na vez do clásico “De oca a oca”, nós iremos “De balea a balea” descubriendo os diferentes tipos de balea, as peculiaridades da súa caza, os produtos obtidos dela ...

Finalmente construiremos o noso taboleiro, as nosas barco-fichas e o noso dado.

Club Pequemig@s

Idades: De 4 a 14

Datas: 19 de decembro

Horario: 11:30 a 13:00

Prazas: 10

OBRADOIRO: Memorias de Nadal no mar

Ímonos xuntar para lembrar como se vivía o Nadal nas casas mariñeiras anos atrás: a espera polos que regresaban a terra despois dunha longa ausencia para festexar estes días, as formas de contactar a quen ficaba lonxe, os pratos propios das festas ... todo iso forma parte das memorias de Nadal no mar.

Club Sénior

Idade: Maiores de 60

Datas: 22 de decembro

Horario: de 17:00 a 18:30

Prazas: 15

OBRADOIRO: Dominó Mariño

Cambiaremos os puntos das fichas de dominó por sete animais mariños dos que se poden atopar no Museo, facendo unha busca dos mesmos e un pequeno estudo deles. Á fin construiremos o noso especial dominó para xogar en familia durante as festas.

Club Pequemig@s

Idades: De 4 a 14

Datas: 26 de decembro

Horario: 11:30 a 13:00

Prazas: 10

OBRADOIRO: Baralla náutica

Imos cambiar os catro paus da baralla por catro elementos de navegación, o barco, o temón, o sextante e a áncora, que teremos que adiviñar mediante un xogo de pistas, e de buscar os varios que de cada un deles hai ó longo do Museo.

Finalizado o xogo de pistas, recortaremos a nosa propia baralla e deixaremos correr a imaxinación decorando a Caixa da mesma con motivos creativos baseados no Nadal.

Club Pequemig@s

Idades: De 4 a 14

Datas: 2 de xaneiro

Horario: 11:30 a 13:00

Prazas: 10



MUSEO PAZO DE TOR

EXPOSICIÓN e CONCERTO de inauguración: Maruxaina e outras sereas

Data de inauguración: 24 de novembro

OBRADOIRO: As cores do Inverno

O inverno é chegado e a contorna do Pazo de Tor transfórmase nunha paraxe máxica. A natureza vai mudando o seu manto ata virarse nunha fantasía plena de luz e cor. Así que imos espremer todas as cores do inverno e transformalas en arte. Fabricaremos tinturas naturais, coma os nosos devanceiros, e empregarémolas para facer composicións nas que a natureza tamén nos emprestará os seus moldes.

Club Pequemig@s

Idades: de 4 a 14 anos

Datas: 5 de decembro

Horario: De 11:30 a 13:30

Prazas: sen límite

OBRADOIRO: Do chineiro á mesa

As casas fidalgas estaban rodeadas de luxo, que se mostraban en todo o seu esplendor nos seus actos de sociedade. As mesas amoreadas de refinados manxares, presentábanse en vaixelas de Sargadelos, Pickman, Limoges, Sèvres, sempre escoltadas por finas cristalerías e cubertería de prata. O Pazo de Tor ten sobrados exemplos de todas estas cousas. Así que imos crear e decorar a nosa propia vaixela coas técnicas propias das mellores factorías cerámicas, mais tamén aprenderemos os rudimentos do protocolo e os bos modais na mesa. Sacaremos os pratos do chineiro para a mesa.

Club Pequemig@s

Idades: de 4 a 14 anos

Datas: 12 de decembro

Horario: de 11:30 a 13:30

Prazas: sen límite

OBRADOIRO: A luminaria en Tor

Sendo o ano 2015 o ano internacional da Luz, abordaremos o tema da luz no Pazo de Tor.

A sensación espacial dos interiores e exteriores do Pazo á noite, non fai moito eran ben diferentes. O xeito de iluminar estes espazos mudou ben: velas, candís, quinqués de gas, carburo, lámpadas de aceite ... proxectaban sombras e arumes que lle conferían unha sensación espacial máxica e misteriosa. Estes obxectos, hoxe pezas de museo, rememoran fórmulas prácticas e enxeñosas para a época, e tamén nos falan da historia da humanidade.

Deremos luz ao asunto repasando as diferentes fórmulas de iluminación, para levarmos a práctica alguna delas

Club Pequemig@s

Idades: de 4 a 14

Datas: 3 de decembro

Horario: 11:30 a 12:30

Prazas: sen límite

OBRADOIRO: Árbore de ideas

Nunha visita ao Pazo de Tor hai moitas cousas que poden chamar a atención: unha sala en particular ou incluso un pequeno detalle, cada visitante experimenta unha vivencia diferente e cada punto de vista pode abrir innumerables portas á creatividade. Centrarémonos en algunhas das cousas que chamaron máis a atención dos rapaces para decorar unha árbore de Nadal feita de papel con motivos inspirados nas notas tomadas.

Club Pequemig@s

Idades: de 6 a 14

Datas: 26 de decembro

Horario: de 11:00 a 12:30

Prazas: sen límite

OBRADOIRO: Viaxe Fotográfica

Aprenderemos a ollar as fotografías e descubrir as mensaxes que se agochan nelas. Que historias nos inspiran? O museo será un escenario para a nosa imaxinación, un escenario de historia. A través das coleccións fotográficas de cada museo viaxaremos no tempo e crearemos as nosas propias historias. Se pechamos os ollos, que historias se nos ocorren que poderían ter acontecido neste mesmo lugar noutras épocas?

Club Pequemig@s

Idades: de 6 a 14

Datas: 30 de decembro

Horario: de 11:00 a 12:30

Prazas: sen límite

OBRADOIRO: Historias Violetas

Exploraremos o papel e espazos que as mulleres teñen ocupado tradicional e historicamente na nosa cultura: no campo, na aristocracia..., que actividades desempeñaban e como vivían en relación aos homes, e entre as diferentes clases sociais. Os museos gardan a memoria de obxectos, espazos, imaxes que ilustran a vida das mulleres ao longo da historia, pero tamén son ferramentas transformadoras, de cambio, para un futuro mellor. Observaremos, aprenderemos e cuestionaremos eses roles tradicionais. Á través de fotografías, reflexionaremos e compartiremos ideas de como o espazo, obxectos e imaxes do museo nos axudaron a entender e recrear a nosa imaxe.

Club Pequemig@s

Idades: de 6 a 14

Datas: 30 de decembro

Horario: de 12:30 a 14:00

Prazas: sen límite

MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA

OBRADOIRO: Bestiario medieval: Os animais fabulosos

A intención desta actividade é que os nenos e nenas descubran o importante que o poder da creatividade e da imaxinación. Para iso tomamos como marco referencial e cronolóxico a Idade Media, un período de escurantismo e de gran descoñecemento, onde se ignoraban moitas realidades. A influencia da igrexa tendía a plasmar imaxes demoníacas para atemorizar e creaba fantásticos códices, como o de Liébana, que supoñan un auténtico desfile de animais quiméricos: sereas, grifos, dragóns, basiliscos ...

Club Pequemig@s

Idades: 4 a 14

Datas: 26 de decembro

Horario: 12 a 14

Prazas: 26

OBRADOIRO: O acto comunicativo do parladoiro ao whatsapp

Analizar como mudou o xeito de comunicarse entre os noso conxéneres sociais con respecto á Idade Media.

Club Pequemig@s

Idades: 4 a 14

Datas: 2 de xaneiro

Horario: 12 a 14

Prazas: 26

OBRADOIRO: A educación renacentista

Indagar sobre os cambios de modais no xeito de vestir, de comer, de falar ... Os homes xa non son tan guerreiros, gustan da cetrería e da caza con galgos, adoitan ir á corte ... Hai un refinamento e exquisitez claro e notorio en todos os ámbitos da vida.

Club Pequemig@s

Idades: 4 a 14

Datas: 3 de decembro

Horario: 12 a 14

Prazas: 26

Actividade: Visita do Apalpador

O Apalpador xoga con nós no museo

Datas: 27 de decembro

Horario: 11.30

Actividade: Culturas en Diálogo

Somos e fomos terra de migrantes: os que marcharon, os que retornaron, os que veñen doutro lugar axúdannos a conformar a nosa identidade nun encontro multicultural

Datas: 19 de decembro

Horario: 17:30 a 19:00

Prazas: sen límite.

SALA PAZO DE SAN MARCOS

EXPOSICIÓN: III Premio Galicia de Fotografía Contemporánea

Data de inauguración: 1 de decembro

DE MUSEO A MUSEO: ROTEIROS DA REDE MUSEÍSTICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO

1º Roteiro: do Museo Provincial do Mar (San Cibrao-Cervo) ao Pazo de Tor (Monforte de Lemos).

2º Roteiro: do Pazo de Tor (Monforte de Lemos) ao Museo Provincial do Mar (San Cibrao-Cervo).

3º Roteiro: do Museo Etnográfico de San Paio de Narla (Friol) ao Museo Provincial do Mar (San Cibrao-Cervo).

4º Roteiro: do Museo Etnográfico de San Paio de Narla (Friol) ao Pazo de Tor (Monforte de Lemos).

5º Roteiro: do Pazo de Tor (Monforte de Lemos) ao Museo Etnográfico de San Paio de Narla (Friol).

6º Roteiro: do Museo Provincial do Mar (San Cibrao-Cervo) ao Museo Etnográfico de San Paio de Narla (Friol).

INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Didáctica

982 242 300 ext. 31

didactica@museolugo.org

MUSEO PROVINCIAL DO MAR

Didáctica

982 594 572

museodomar@museolugo.org

MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA

Didáctica

982 375 156

sanpaiodenarla@museolugo.org

MUSEO PAZO DE TOR

Didáctica

982 165 534

pazodetor@museolugo.org

Xerencia da Rede Museística

xerencia@museolugo.org